

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Doutra parte, Juan Manuel Rey Rey, Alcalde Presidente do Concello de Caldas de Reis, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Doutra parte, Manuel Campos Velay, Alcalde Presidente do Concello de Cuntis no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Doutra parte, José Cela Camiño, Alcalde Presidente do Concello de Moraña, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento de este convenio de colaboración, e a tal efecto,



EXPOÑEN

1. O organismo autónomo Augas de Galicia, promoveu a construción do encoro de Caldas de Reis, no río Umia, procedendo a licitar o concurso da oportuna concesión administrativa no mes de outubro do ano 1997.

De acordo co previsto no artigo 132 e seguintes do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, aprobouse pola Presidencia de Augas de Galicia o anuncio de licitación do concurso da concesión administrativa. Neste concurso incluíase o preceptivo prego de bases ao que se suxeitaba a concesión do aproveitamento. A cláusula 4ª g) parágrafo segundo, do prego de bases dispoñía que:

“Aos mesmos efectos do canon anual ofertado, Augas de Galicia destinará a partir da data do comezo do devengo indicada no apartado e), unha cantidade máxima anual de sesenta millóns de pesetas ou ben o total anual do canon, si este fora de importe inferior- para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña. A materialización das mesmas levarase acabo a través da deputación de Pontevedra mediante un convenio.”

2. Logo de iniciar a explotación do aproveitamento polo concesionario que resultou adxudicatario do concurso, fíxose preciso dar cumprimento ao establecido no prego de bases, mediante a sinatura dun convenio de colaboración, polo que o 13.11.2002, asinouse o convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación de Pontevedra, e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, co obxecto de establecer o sistema de tramitación e xestión destas axudas.



3. O 22.04.2010, a presidenta de Augas de Galicia, asinou a resolución pola que se modificaban as bases ás que se axustaba a concesión indicada no punto 1, e dispoñía que a cláusula 4ª g) parágrafo segundo, quedara redactada do seguinte xeito:

“Aos mesmos efectos do canon anual ofertado, Augas de Galicia destinará a partir da data do comezo do devengo indicada no apartado e), unha cantidade máxima anual de sesenta millóns de pesetas- ou ben o total anual do canon, si este fora de importe inferior- para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña, esta cantidade revisarase anualmente en función do IPC. A materialización das mesmas se levará a cabo a través da Deputación de Pontevedra mediante un convenio.”

4. No 2010 procedeuse a adaptar a xestión destes fondos á nova redacción do prego de bases. Asemade, para unha máis eficaz xestión e celeridade no procedemento de transferencia, procedeuse a realizar algúns cambios que motivaron a elaboración dun novo convenio. Polo que o 22.11.2010 asinou un novo convenio de colaboración, tendo en conta o carácter das administracións públicas que interveñen, e o obxecto deste convenio no que os tres concellos asumirán a condición de beneficiarios da axuda outorgada pola Comunidade Autónoma e a Deputación Provincial de Pontevedra asumirá a condición de entidade colaboradora na xestión e tramitación desta axuda, incluída a entrega dos fondos públicos aos beneficiarios, de conformidade co previsto na normativa autonómica reguladora das axudas e subvencións, e concretamente na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, (RSG).

5. O citado convenio tivo unha vixencia ata o 31.12.2010, tramitándose con posterioridade convenios anuais.



6. A Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española e o Real decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a antedita lei, establecen que as fórmulas de actualización de prezos referidas as variacións de índices xerais, tales como o Índice de Prezos ao Consumo, deberán substituírse por valor cero.

7. Finalizada a vixencia do convenio anterior, procede agora tramitar un novo convenio con vixencia ata o día 31.12.2023.

En consecuencia, as partes subscriben este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas que rexerán a colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, co fin de dar cumprimento ao establecido na cláusula 4ª apartado g) do parágrafo segundo do prego de bases á que se suxeita a concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis (en adiante, prego de bases).

De acordo co anterior, preténdese con este instrumento de colaboración un dobre obxectivo:

1. Establecer as condicións nas que a Deputación de Pontevedra asume o carácter de entidade colaboradora, de acordo co previsto no artigo 9 da LSG.



2. Desenvolver o réxime da axuda prevista aos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, de conformidade co previsto no artigo 26 da LSG.

SEGUNDA. CONTÍA DAS AXUDAS

Augas de Galicia en cumprimento do prescrito no citado prego de bases, destinará unha cantidade máxima de 392.535,78 € para o financiamento de actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social realizadas a partir do 1.1.2023 nos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña.

O reparto destas cantidades, efectuarase do seguinte xeito:

Caldas de Reis	130.845,26
Cuntis	130.845,26
Moraña	130.845,26

TERCEIRA. ENTIDADE COLABORADORA

A Deputación Provincial de Pontevedra, asume a condición de entidade colaboradora, para os efectos do previsto no artigo 9 da LSG, colaborando na xestión e distribución das axudas previstas na cláusula segunda e de conformidade co previsto na cláusula 4ª g) do prego de bases da concesión. A estes efectos a deputación provincial asume, de acordo co previsto no artigo 12 da LSG, as seguintes obrigas:

- Entregarlles aos beneficiarios os fondos recibidos de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención que se concretan neste convenio.
- Comprobar a realización da/s actividade/s e o cumprimento da finalidade que determinan a concesión ou o gozo da subvención.



- c) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano que concedeu a subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos devanditos fondos poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

CUARTA. BENEFICIARIOS

Os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña asumen a condición de beneficiarios das axudas previstas no prego de bases da concesión e no presente instrumento de colaboración, para aquelas actividades incluídas no ámbito material previsto, cando se desenvolvan no eido territorial de cada concello.

As entidades beneficiarias, asumen, de acordo co previsto no artigo 11 da LSG, os seguintes compromisos:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante a Deputación de Pontevedra, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Deputación de Pontevedra, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



d) Comunicarlle á Deputación de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

As actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social que se financian con esta subvención se incorporan como anexo a este documento.

QUINTA. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DAS AXUDAS

Augas de Galicia financiará as actuacións ata o máximo do importe que consta na cláusula segunda.

As contías referidas na cláusula segunda ingresaranse mediante transferencia bancaria á Deputación Provincial de Pontevedra, na súa calidade de entidade colaboradora. Esta transferencia, realizarase en todo caso, no prazo dun mes a contar dende a data de xustificación das actuacións por parte dos concellos perante a deputación de Pontevedra. O gasto derivado da execución desta actuación imputarase na conta 6516 "Subvencións correntes a corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

SEXTA. RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS POR PARTE DOS BENEFICIARIOS

En canto ao réxime de xustificación dos gastos por parte dos tres concellos beneficiarios das axudas, será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo coa citada normativa, os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, asumen como beneficiarios das axudas previstas neste convenio, e



respecto da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa condición de entidade colaboradora e xestora das mesmas, as seguintes obrigas:

- De acordo co previsto no artigo 28 da LSG, unha vez rematadas as actuacións, por parte de cada concello deberá ser xustificado ante a Deputación de Pontevedra o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos. A referida xustificación deberá presentarse antes do 1 de decembro do 2023.
- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
- Comunicar á Deputación Provincial de Pontevedra, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- Reintegrar á Deputación Provincial de Pontevedra, (e esta, á súa vez, a Augas de Galicia) de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.
- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo establece o citado artigo, e especialmente a conservación dos documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras

axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

SÉTIMA. RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN DA ENTIDADE COLABORADORA

Unha vez presentada a xustificación polos concellos, a Deputación Provincial de Pontevedra, na súa condición de entidade colaboradora, de acordo co previsto no artigo 12 da LSG, deberá presentar certificación acreditativa do cumprimento por parte dos concellos das obrigas recollidas na cláusula anterior. Esta certificación deberá achegarse antes do día 20 de decembro de 2023 ante Augas de Galicia. Asemade, e de acordo co apartado d) do mesmo artigo, someterase ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos fondos poida efectuar o órgano que concede, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constitúese unha comisión de seguimento do presente convenio, presidida pola Dirección de Augas de Galicia e formada polos seguintes representantes:

- Un representante de Augas de Galicia
- Un representante da Deputación de Pontevedra
- Un representante do concello de Caldas de Reis
- Un representante do concello de Cuntis
- Un representante do concello de Moraña

Esta comisión realizará as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio.



- Interpretar en caso de dúbida o contido deste.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir nas súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento deste convenio.

NOVENA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

A xurisdición competente para resolver as cuestión litixiosas que poidan xurdir é a contencioso–administrativa.

En todo o non disposto por este convenio, no que ao réxime do financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, e máis concretamente na citada Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio será efectivo a partir da data da súa sinatura, sendo non obstante de aplicación, con carácter retroactivo, ás actividades realizadas dende o 1.1.2023, de conformidade co disposto na cláusula segunda, e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2023.

UNDÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia



Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- polo incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.

DUODÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre as partes que interveñen neste convenio e tramitarase a través dunha addenda ao mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e



demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

DÉCIMO QUINTA. MEDIDAS ANTIFRAUDE

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf.

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de



xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento

A presidenta de Augas de Galicia, Ethel María Vázquez Mourelle

A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, María del Carmen Silva Rego

O alcalde do Concello de Caldas de Reis, Juan Manuel Rey Rey

O alcalde do Concello de Cuntis, Manuel Campos Velay

O alcalde do Concello de Moraña, José Cela Camiño

ANEXO
ACTUACIÓNS DE CARÁCTER EDUCATIVO,
CULTURAL E DE ASISTENCIA SOCIAL



CONCELLO DE CALDAS DE REIS

1. NADAL DE REIS

Dende as cinco da tarde, os Reis Magos están a disposición dos nenos e nenas no Auditorio Municipal para facerse fotografías cos cativos e escoitar os seus desexos. E a continuación celébrase a cabalgata polas rúas de Caldas, cun percorrido en carrozas co seu séquito persoal, con caramelos e agasallos para os máis pequenos, chegando á Praza das Palmeiras onde fan a recepción coa poboación. Para rematar o acto, o grupo de danzas folclóricas de Caldas agasalla aos Reis con pezas e cantigas tradicionais.

Nesta actividade participan de forma activa varias asociacións caldenses.

2.- ACTIVIDADES DE BENESTAR SOCIAL PARA MAIORES

Dende o Fogar do Maior, que é unha instalación municipal organízanse actividades e obradoiros para o benestar social e a mellora na calidade de vida das persoas maiores.

Están programados distintos obradoiros durante varios meses como o de alfabetización dixital, informática, internet e manexo do teléfono móbil, obradoiro de memoria, manualidades e pintura, pilates e ximnasia de mantemento.

3.- SEMANA DA CIENCIA SABIO CALDAS

Durante unha semana do mes de abril organizaranse actividades en torno á cultura científica, e mantendo como eixo vertebrador as disciplinas que Francisco José de Caldas desenvolveu ao longo da súa carreira como científico.



Coñecido popularmente como "Sabio Caldas", o polifacético científico ten a súa orixe familiar no noso municipio.

Prevense así actividades relacionadas coa astronomía, a botánica e o medio ambiente, tales como exposicións, presentación de publicacións, xornadas formativas, charlas, obradoiros, etc.

Cóntase para a programación coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela, e todos os centros educativos do municipio.

Unha das principais actividades é "Ciencia na rúa", onde o alumnado dos centros educativos mostran mesas de experiencias científicas na rúa, onde participan como observadores os compañeiros dos distintos centros e a poboación en xeral.

4.- XXVI EDICIÓN DO FESTIVAL CULTURA QUENTE-VERÁN 2023

O Festival Cultura Quente é unha iniciativa cultural de desenvolvemento local que cumpre 26 anos, e está consolidada como unha das citas máis esperadas do panorama cultural do noso país.

O evento cultural transcorrerá no mes de xullo, e ten como obxectivo o de presentar a vila termal como lugar de cultura e de encontro.

Organízanse concertos musicais, obradoiros, campamento urbano, Kaldarte (arte na rúa), exposicións, literatura, mostras de produtos gastronómicos, etc. cun espírito interxeracional e participativo.

Trátase de integrar á sociedade nun proxecto global e xerar novas expectativas de crecemento e calidade de vida, dando a coñecer e apoiando a artistas e creadores.



5.- PROMOCIÓN CULTURAL E TURÍSTICA DE CALDAS DE REIS

Este ano serán programadas diferentes accións e actividades de promoción cultural e turística da vila termal e do Camiño Portugués ao seu paso por Caldas; dirixido a persoas de Caldas e aos seus peregrinos e visitantes.

Por outro lado, o concello vai desenvolver unha estratexia de promoción cultural e marketing turístico, tanto nos principais xornais e portais especializados de Galicia como coa participación en feiras e mostras.

Caldas conta cun gran catálogo de patrimonio cultural e natural que hai que protexer e poñer en valor. Propóñense unha serie de accións como a participación na Feira Internacional de Turismo FairWay, unha campaña de promoción do turismo, etc.

6.- PLAN CULTURAL PARA FESTAS POPULARES

O Concello de Caldas fai unha aposta por conservar as festas máis tradicionais do municipio, por iso colabora coas distintas asociacións musicais do municipio, como son Asociación Cultural As Burgas, a Coral Polifónica de Caldas, o Grupo Parroquial de Arcos da Condesa e a Banda Municipal de Música, etc. no que se ofrecen un número de actuacións dispoñibles para as distintas asociacións e comisións que ao longo do ano organizan encontros e festas con gran tradición cultural.

Igualmente farase un programa de Música nas Parroquias, para acercar as actividades culturais á poboación rural.

7.- PROGRAMA DEPORTE E NATUREZA

Durante todo o ano o Concello programa distintas actividades deportivas para todas as idades, como torneos de baloncesto e fútbol, tenis de mesa, carreira popular polas rúas de Caldas, xadrez, andainas populares, etc.



Igualmente, lévase a cabo Ximnasia de Mantemento para mulleres, petanca e xogos populares.

Do mesmo xeito está proxectada a Milla Saudable, dirixida, sobre todo, aos escolares dos centros educativos, para que cada día poidan camiñar como mínimo unha milla diaria.

8.- EDICIÓN DE PUBLICACIÓNS E UNIDADES DIDÁCTICAS

Un dos obxectivos culturais do concello é recuperar e achegar a historia do municipio á poboación; para iso, edita publicacións como libros infantís, de fotografías, ou de investigación histórica da vila.

Este ano estase preparando a edición dun libro infantil denominado "Para saber máis", que a través de fichas con preguntas e respostas dá coñecemento e ilustra á cativada dos recursos e a historia caldense dun xeito adaptado a súa idade.

Será distribuído nos centros educativos da vila e na biblioteca municipal.

Outra publicación que está en proxección para editar este ano é un libro que recollerá toda a información sobre un estudo arqueolóxico de Laxe dos Bolos, un petróglifo que está ubicado no Monte Xiabre e que está declarado Ben de Interés Cultural. O estudo foi fruto dunha investigación feita polo Concello en colaboración co Consejo Superior de Investigacione científicas CSIC.

Tamén está en proxección un libro divulgativo sobre o Xardín e Carballeira de Caldas de Reis, que conta coa declaración de Ben de Interese Cultural e que é considerada unha das xoias culturais e botánicas. Ilustrará as especies botánicas máis representativas como son as que recolle o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.



RESUMO ORZAMENTO ACTIVIDADES DE CALDAS DE REIS

ACTIVIDADE	ORZAMENTO/€
1. Nadal de Reis	20.000 €
2. Actividades de benestar social para maiores	8.000 €
3. Semana da Ciencia Sabio Caldas	8.500 €
4. Festival Cultura Quente – Verán 2023	30.000 €
5. Promoción cultural e turística de Caldas	15.000 €
6. Plan Cultural para Festas Populares	24.000 €
7. Programa Deporte e Natureza	17.000 €
8. Edición publicacións divulgativas	18.000 €
TOTAL	140.500€



CONCELLO DE MORAÑA

A) AREA DE SERVICIOS SOCIAIS

1º.- Programa de axudas a entidades benéficas e asistenciais: mediante o cal o concello financia os gastos daquelas asociacións relacionadas cos servizos sociais a minusválidos, persoas da 3ª idade, etc., cun presuposto de 8.000,00 euros.

2º.- Servizo de Axuda no Fogar-Dependencia: mediante o cal se atende ás persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, cun presuposto de 40.000,00 euros.

B) AREA DE EDUCACION E CULTURA

3º.- Festa do Carneiro ao Espeto: actos que se organizan durante o mes de xullo de cada ano con motivo da celebración da Festa Gastronómica do Carneiro ao Espeto, declarada de interese turístico pola Xunta de Galicia, cun presuposto de 50.000,00 euros.

4º.- Festas nas parroquias do municipio: para fomentar o mantemento das festas tradicionais das distintas parroquias do municipio, o concello financia os gastos das Bandas de Música para as festas parroquiais, cun presuposto de 7.000,00 euros.

5º.- Festas do Nadal, Cabalgata de Reis: actos organizados nos meses de decembro e xaneiro de cada ano para conmemorar a festividade do nadal e o novo ano, cun presuposto de 20.000,00 euros.



6º.- Actividades deportivas, de ocio e benestar: organización de actividades deportivas para os mozos e de ocio e benestar para as persoas da terceira idade e actividades culturais en centros de cultura, cun presuposto de 3.000,00 euros.

7º.- Escuela Municipal de Música: o concello ten en funcionamento unha Escola Municipal de Música na que se imparten actividades musicais, cun presuposto de 25.000,00 euros.

8º.- Servizo de Ludoteca; que ten como principal obxectivo o de conciliar a vida familiar dos cidadáns, para o cal vaise atender a aqueles pais e nais que non poden compaxinar a súa vida laboral coas vacacións do seus fillos nos meses de xullo e agosto, cun presuposto de 8.000,00 euros

RESUME ORZAMENTO ACTIVIDADES MORAÑA

1º.- Programa de axudas asistenciais a familias necesitadas	8.000,00 euros
2º.- Servizo de axuda no fogar-Dependencia	40.000,00 euros
3º.- Festa do Carneiro ó Espeto	50.000,00 euros
4º.- Festas nas parroquias do municipio	7.000,00 euros
5º.- Festa do Nadal, Cabalgata de Reis e bandas	20.000,00 euros
6º.- Actividades deportivas e de ocio e do benestar	3.000,00 euros
7º.- Escola Municipal de Música	25.000,00 euros
8º.- Servizo de Ludoteca	8.000,00 euros

TOTAL 161.000,00 EUROS



CONCELLO DE CUNTIS

1. ACTUACIÓNS EDUCATIVAS E CULTURAIS

1.1. Nadal e Cabalgata de Reis

Durante a época de Nadal, que co inicio do ano abarca desde o primeiro día de xaneiro ata o día de Reis, realízase un variado programa de actividades, tendo en conta que é un período de vacacións no sistema educativo formal e, así mesmo, moitas persoas aproveitan para descansar e estar coa familia. Finaliza coa celebración da Cabalgata de Reis o día 5 de xaneiro.

1.2. Activerán /Verán Cultural

Programa de actividades deportivas, culturais, medioambientais e de ocio e tempo libre que se levarán a cabo durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Destinadas a tódalas idades segundo o tipo de actividade: público infantil, xuvenil, adulto, persoas maiores e/ou familias enteiras que poderán escoller entre as múltiples e variadas accións que se levarán a cabo preferiblemente en espazos exteriores. Utilizaranse, polo tanto, todo tipo de espazos: rúas, prazas, sendeiros, parques, etc. Algunhas das actividades que se realizarán son: proxección de cine ao aire libre, espectáculos de circo e monicreques, actuacións musicais, cursos de xadrez, aeróbic, ioga, pilates, sendeirismos, novas tecnoloxías, obradoiros de pintura en tea, cociña creativa, etc.

1.3. Festas Patronais

As Festas Patronais neste municipio celébranse do 15 ao 18 de agosto. Así, levaranse a cabo distintas actuacións destinadas a tódolos públicos, tanto na xornada diúrna como nocturna, tales como: tirada de fogos, pasacalles, misas cantadas acompañadas de corais, actuacións de bandas de música e



agrupacións de gaitas e baile tradicional, xogos populares e espectáculos para público familiar, actuacións musicais con orquestras, etc.

1.4. Escola Municipal de Música

Na Escola Municipal de Música lévase a cabo a iniciación musical desde os catro anos, ademais da formación musical completa de adolescentes, mocidade e persoas adultas.

O programa de estudos é flexible e está aberto a tódolos estilos musicais, polo que se adapta ás necesidades, características e idade de cada estudante.

Todo o programa da Escola é eminentemente práctico, tendo a súa expresión máxima nos grupos instrumentais e vocais, sen descoidar a adquisición de coñecementos e habelencias técnicas que fan posible utilizar a música como unha linguaxe de comunicación.

A formación musical está orientada a tódolos estilos de música actuais: jazz, clásica, folk, pop, etc.

OBXECTIVOS:

- Fomentar entre os nenos e nenas desde unha idade temperá o gusto pola música e iniciación na súa aprendizaxe como parte importante dunha formación integral.
- Facer posible o acceso á ensinanza da música de calquera persoa, sen límite de idade, mediante unha oferta ampla e diversificada.
- Ofrecer un programa flexible que permita a formación musical tanto do afeccionado, como do alumnado que, chegado o momento decidan proseguir uns estudos profesionais, todo isto a través dunha ensinanza completa que atenda tanto a adquisición da linguaxe musical como a práctica instrumental individual e de conxunto.
- Difundir todas as tendencias e estilos como fórmula de enriquecer os coñecementos e afeccións musicais.



- Fomentar no alumnado o interese pola participación en agrupacións vocais ou instrumentais.
- Fomentar no alumnado o interese pola asistencia a eventos musicais de todo tipo e tendencias.

Dentro das orientacións metodolóxicas do plan de estudos desenvólvese:

- Música e movemento
- Práctica instrumental
- Formación musical complementaria á práctica instrumental
- Actividades de conxunto

Os contidos educativos estrutúranse ao redor de tres grandes ciclos de acordo coa idade e o nivel do alumnado:

- Ciclo Básico: con catro niveis
- Ciclo Intermedio: con catro niveis
- Ciclo Avanzado: con catro niveis

2. PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS E CULTURAIS

2.1. Promoción do noso patrimonio a través da Fundación Terra Termarum "Castrolandín"

A Fundación Terra Termarum Castrolandín constituída en 2001 en Cuntis (Pontevedra), e declarada ese mesmo ano de interese galego. Ten como obxectivo principal a xestión integral, estudo e promoción do xacemento arqueolóxico de Castrolandín, así como a protección e difusión da cultura castrexa e da romanización en Galicia. O seu ámbito de influencia principal é galego, aínda que actividades puntuais (como os campos de traballo) poden atraer a persoas do resto da península. Os colectivos destinatarios son moi diversos: veciños de Cuntis, colexios de toda Galicia, practicantes do turismo cultural e termal, e mesmo colectivos moi específicos como a colaboración coa Asociación de Altas capacidades de Galicia, ou internos do Centro Penitenciario de A Lama.



Dende 2001 a fundación ten colaborado e contratado traballos con diferentes institucións (Universidade de Santiago, Dirección Xeral de Patrimonio, Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, Consejo Superior de Investigaciones Científicas) e empresas privadas vinculadas á xestión patrimonial.

Desde aquí potenciamos o coñecemento da cultura castrexa mediante o estudo do material cerámico procedente das escavacións do xacemento de Castrolandín (Cuntis) Pontevedra e a posta en marcha dun taller produtivo de réplicas arqueolóxicas do devandito material.

Ademais, xunto co obradoiro de cerámica castrexa, a Fundación dispón dun servizo de atención a visitantes ao Xacemento arqueolóxico de Castrolandín, todo o cal está situado na Sede da Fundación; así mesmo realiza visitas guiadas para grupos organizados.

2.2. Promoción da actividade cultural a través do asociacionismo:

2.2.1. "AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL DE CUNTIS":

A través desta asociación ponse en valor o noso patrimonio material e inmaterial galego mediante a música tradicional, os instrumentos e a cuidada vestimenta que utilizan. Ao tempo que expanden a nosa cultura e folclore en cada unha das actuacións que realizan.

Por outra banda, esta agrupación tamén conta con escola de música e baile tradicional, da cal forma parte un importante número de alumnado con idades que abarcan desde os 4 ata os 76 anos.

2.2.2. "A REVOLTA DO UMIA":

Esta asociación cultural caracterízase pola organización e realización de actividades de tipo cultural, musical e lúdicas e, en particular, a organización con periodicidade anual dun festival de música na aldea de Vilar de Mato, pertencente á parroquia de Cequeril no termo municipal de Cuntis. O dito



festival denomínase “A Revolta do Umia” é un evento de carácter cultural, musical e lúdico no que participan centos de veciños e veciñas, así como cada vez máis persoas chegadas de moi distintos sitios e atraídas polas características do propio festival, que ten unha duración de tres días na última fin de semana de agosto.

2.3. Promoción do deporte como fomento dos valores educativos

A participación das nenas e nenos en actividades deportivas é importante para lograr un desenvolvemento normal e completo para a vida adulta, xa que fomenta o desenvolvemento físico, psicolóxico e social, aumenta a capacidade para tomar decisións e favorece a autoestima. Ademais, a práctica deportiva proporciona ás persoas participantes, calquera que sexa a súa idade, unha experiencia agradable e saudable, que repercute nunha mellor calidade de vida.

2.3.1. PROMOCIÓN DO ATLETISMO:

O atletismo é un deporte moi completo en si mesmo e que, ademais, prepara á persoa para a práctica de calquera outro. A través do club de Atletismo Cuntis mantense este deporte vivo e activo durante todo o ano, conseguindo importantes éxitos dos e das deportistas que o conforman, os e as cales desde os sete anos participan de maneira constante, tanto nas actividades do propio club, como nas distintas competicións deportivas a nivel provincial, autonómico e nacional.

2.3.2. PROMOCIÓN DE DEPORTES DE MONTAÑA:

O Club de Montaña Xesteiras vén realizando desde fai varios anos a práctica de deportes de montaña con carreiras e competicións de diverso tipo. É un club que, ademais, ten escola e incentiva a tódalas persoas, desde idade infantil, a practicar este tipo de actividades de montaña a través de rutas btt, andainas,



carreiras, etc. Realizando varias competicións ao longo do ano cun gran éxito de participación.

2.3.3. PROMOCIÓN DO FÚTBOL :

O fútbol é o deporte de máis éxito entre a comunidade escolar neste momento. E, aínda que a participación é maioritariamente masculina, cada vez hai máis nenas que se decantan por este deporte. O "Atlético Cuntis, Club de Fútbol", traballa para que tódalas persoas, especialmente as nenas e nenos desde idades moi pequenas, participen e se integren neste deporte e neste Club, participando en todo tipo de competicións oficiais e locais. Así, desenvolven esta actividade nas seguintes categorías: afeccionados (a partir de 19 anos), xuvenís (16 a 19 anos), cadetes (15 e 16 anos), infantís (13 e 14 anos), alevín (11 e 12 anos), benxamín (8, 9 e 10 anos) e prebenxamín (6 e 7 anos).

Esta Escola deportiva funciona cos técnicos do Atlético de Cuntis, mediante convenio co Concello de Cuntis.

3. SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

3.1. Programa de axuda no fogar

Ó abeiro da orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, este servizo ten por finalidade a prestación dun conxunto de atencións dende unha perspectiva integral e normalizadora aos cidadáns, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desintegración familiar.

Este servizo ten consideración de prestación básica, que ofrecerá unha atención integral e polivalente aos/as usuarios/as, abarcando a cobertura de diferentes necesidades da persoa e/ou familia, apoiando e fomentando os aspectos de relación humana, a autoestima e a mellora das condicións de vida.

O desenvolvemento deste servizo realízase de conformidade co Regulamento Municipal do Servizo de Axuda no Fogar e a Ordenanza Reguladora da Taxa pola



prestación do SAF publicada no BOP de Pontevedra con data do 17 de xuño de 2014.

As modalidades de acceso a este programa, estableceuse mediante o sistema de:

- Prestación básica, libre concorrència
- Sistema de dependencia, dirixido a persoas recoñecidas como dependentes e tendo aprobado un programa individual de atención cuxo recurso sexa o SAF.

Obxectivo xeral:

Promover unha mellor calidade de vida das persoas, potenciando a súa autonomía e unhas condicións axeitadas de convivencia no seu propio entorno familiar e sociocomunitario.

Obxectivos específicos:

- Favorecer a permanencia das persoas e unidades de convivencia con limitacións de autonomía persoal no seu contorno habitual o maior tempo posible e coa maior calidade de vida.
- Previr situacións de crise persoal ou familiar, prestando un conxunto de atencións a aquelas persoas que se atopan en situación de carencia de autonomía ou autovalemento.
- Evitar ou retrasar o ingreso das persoas en centros residenciais, sempre que as circunstancias o fagan posible.
- Optimizar as destrezas, capacidades e habilidades persoais e familiares o máximo grao de autonomía.
- Contribuír á creación de hábitos axeitados para garantir unhas condicións de vida dignas.
- Promover cambios favorables na dinámica familiar.
- Apoiar e complementar á familia en situacións de sobrecarga derivadas da atención as persoas dependentes ou crise familiar.

- Prestar atención, apoio e intervencións de carácter socioeducativo a unidades familiares con menores a cargo en situacións de risco ou con atencións deficitarias, ou ben noutras situacións obxecto de intervención social.
- Facilitar aos cuidadores familiares a dispoñibilidade de tempo para actividades de carácter persoal que teñan que realizar fora do domicilio.
- Promocionar outras formas de apoio sociocomunitario e voluntariado social.

Atencións:

- De carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria:
 - Asistencia para levantarse ou deitarse
 - Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse
 - Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse
 - Supervisión do estado de saúde, se procede, da administración da medicación prescrita por facultativos
 - Apoio ou axuda para cambios posturais, mobilizacións, orientacións espazo-temporais.
 - Apoio as persoas afectadas por problemas de incontinencia.
 - Adestramento na realización das actividades da vida cotiá no entorno doméstico que potencien a autonomía do/a usuario/a.
 - Acompañamento fora do fogar para acudir as consultas, tratamentos ou a outras actividades de ocio e/ou convivencia social.
 - Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda, tales como.
 - Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
 - Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
 - Preparación de alimentos



- Lavado, coidado das prendas de vestir e pasar o ferro.
 - Coidados básicos da vivenda
 - Calquera outra tarefa necesaria para o normal funcionamento do domicilio do/a usuario/a, referenciada no proxecto individual de intervención.
- Atencións de carácter psicosocial: Que favorezan a participación familiar e co entorno, así como de apoio ao desenvolvemento de capacidades persoais tales como a afectividade, a convivencia na estrutura familiar, facilitar actividades de ocio no propio fogar, apoio e orientación nos cambios da dinámica e estruturación familiar, a integración na comunidade, de acompañamento fora do fogar para a realización de xestións básicas como facer a compra ou ir ao médico, etc.
- Atencións de carácter socioeducativo: Son aquelas intervencións formativas, entre outras, na adquisición de hábitos e habilidades e de organización, tales como: cambios de hábitos de orde e limpeza, apoio na organización do orzamento familiar, práctica en habilidades sociais, organización doméstica, apoio no manexo da correspondencia, teléfono, etc.
- Atencións de carácter técnico e complementario: Dispositivos de teleasistencia domiciliaria ou teleseguemento, adaptacións funcionais do fogar, prestacións de axudas técnicas, servizo de podoloxía, fisioterapia ou terapia ocupacional.

Actividades:

- Visitas domiciliarias de valoración, seguimento e control.
- As prestacións básicas do servizo desenvolvidas polas auxiliares.
- Reunións semanais co persoal técnico da empresa prestadora do servizo.



- Reunións con outros/as profesionais (médicos, practicantes, educadora familiar, etc.).

Nº de persoas usuarias potenciais do servizo para o ano 2023:

Axuda no fogar na modalidade de prestación básica: 30 persoas

3.2. PROGRAMA DE FORMACIÓN DE ADULTOS:

Neste concello iniciouse o Programa de Formación de Adultos para a obtención do Graduado en Educación Secundaria, en abril do ano 2003, programa cofinanciado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dende fai varios anos suspenderon as convocatorias de subvencións as corporacións locais para este programa. Para a difusión desta actividade utilizáronse diversos instrumentos e metodoloxías, bandos municipais, notas de prensa, cartas persoais, etc; nembargantes a medida que transcorría o tempo un número importante de veciños/as interesáronse por estes cursos, incrementándose considerablemente o número de alumnos/as matriculados/as.

Iniciase esta actividade coa contratación dunha soa mestra tendo que aumentar as horas de impartición por necesidades do servizo e dende o ano 2006 contratouse outra mestra para o desenvolvemento deste programa. Ambas profesionais teñen un contrato de 25 horas semanais.

Esta actividade está dirixida @s persoas maiores de 18 anos, ou menores que tiveran un contrato laboral, que non remataron con éxito a súa formación educativa básica e/ou abandonaron o ensino secundario, empadroados/as no concello de Cuntis. Tamén integráronse @s que tiñan o título de Graduado Escolar e queren obter o Graduado en Secundaria.

A Educación Secundaria para Persoas Adultas ten coma finalidade ofrecer os elementos básicos da cultura, establecer procesos de reflexión sobre os seus dereitos e deberes, capacitalos para participar solidariamente no seu entorno social e cultural e para unha mellor incorporación á vida laboral ou para acceder a Formación Superior como continuación da formación iniciada nos niveis anteriores.

Ademais das persoas adultas (maiores de 18 anos), puideron cursar estas ensinanzas os/as maiores de 16 anos que o solicitaron e tiñan un contrato laboral que lles permitía acudir aos centros educativos en réxime ordinario ou fosen deportistas de alto rendemento. Puideron incorporarse a educación de persoas adultas os que cumprisen 18 anos neste curso.

A organización e a metodoloxía das ensinanzas para as persoas adultas baseouse no autoaprendizaxe e tendo en conta as súas experiencias, necesidades e intereses, podendo desenvolverse a través da enseñanza presencial e tamén mediante a educación a distancia.

A formación básica para as persoas adultas organízase en dúas etapas:

- A formación básica inicial.
- As ensinanzas conducentes a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Coa posta en marcha deste proxecto, pretendeuse que @s participantes lograsen acadar unha serie de obxectivos básicos e operativos, que lle permitise unha mellora da súa situación persoal, formativa e profesional:

-Proporcionar @s alumnos/as participantes a formación necesaria para supera-las probas precisas para acadar o título de Graduado en Educación Secundaria.

-Garantir o acompañamento preciso para as titorías estipuladas co persoal docente que os examinará.

-Mellora-las expectativas de acceso ó mercado de traballo, daquelas persoas que por carecer de formación educativa básica, teñen máis dificultades de acceder a un posto de traballo.

-Acercar os recursos educativos a poboación.

-Ofrecer unha formación axeitada ás necesidades e demandas dos/as participantes.

-Que polo menos o 25% do alumnado superen as probas necesarias para obter o título de graduado en Educación Secundaria.

As ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria constitúen a segunda etapa da formación básica para persoas adultas, que se organiza en dous niveis, I e II. Neles cúrsanse tres ámbitos (integrado cada un deles por catro módulos interdisciplinares):

- Ámbito de Comunicación.
- Ámbito Científico-Tecnolóxico.
- Ámbito Social.

Os módulos están distribuídos cuatrimestralmente, correspondéndolle dous módulos ao primeiro nivel e os dous restantes ao segundo, polo que as ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria comprenderá dous anos académicos.

O proxecto de formación de adultos, desenvolveuse de forma ininterrompida dende xaneiro a decembro, soamente suspendeuse durante o mes de xullo por vacacións do persoal docente e dos alumnos/os que non superaran as probas de xuño. O persoal docente ten unha adicación horaria de 25 horas á semana e a impartición das clases teóricas son de luns a xoves.



3.3.- SERVICIO DE ATENCIÓN Á MULLER:

O persoal deste programa é unha psicóloga, con funcións de atencións e actividades terapéuticas as mulleres e as súas familias. A intervención psicolóxica realízase unha vez a semana durante dúas horas. Todas estas intervencións realízanse no departamento de servizos sociais deste concello.

En relación co servizo de atención psicolóxica, as funcións máis concretas son:

- Atención psicosocial ás usuarias e as súas familias derivadas polo Departamento de Servizos Sociais.
- Terapia familiar
- Participación no ámbito comunitario, educativo e asociativo en actividades vinculadas á protección da muller e nos proxectos de carácter preventivo.
- Elaboración de estudos, informes e memorias.

3.4. TELEASISTENCIA DOMICILIARIA:

Este servizo está dirixido ás persoas maiores ou con discapacidade, que viven soas ou que pasan a meirande parte do día en presenza doutras persoas e que necesitan a atención do servizo de Teleasistencia para poderen seguir vivindo non seu propio domicilio. Tamén a aquelas que, aínda convivindo con outras persoas, estas presentan características de idade ou discapacidade semellantes que lle impidan desenvolverse con total autonomía.

Debido a que a utilización destes servizo require un certo nivel de comprensión e de discernimento por parte das persoas usuarias, exclúense expresamente como beneficiarios/as deste servizo de Teleasistencia Domiciliaria as persoas que teñan recoñecido o nivel de dependencia; as persoas afectades de enfermidades mentais graves, incluídas as demencias, e tamén as persoas con outras deficiencias de audición (hipoacusias severas, profunda e cofose) e/ou expresión oral, dado que o sistema posibilita a atención ante situacións de emerxencia, principalmente, mediante a comunicación verbal entre a persoa usuaria e o centro de atención.

As persoas que se están beneficiando deste servizo, neste intre son 15, podendo incrementarse o listado en función das demandas.

O custe previsto da administración local para o ano 2023 é de 1795,00€, polo que se imputa a Augas de Galicia 900,00€



3.5. ENVELLECIMENTO ACTIVO:

O concello de Cuntis, leva desenvolvendo dende fai varios anos, diversas actividades de carácter preventivo dirixido para as persoas maiores. Dúas das actividades máis relevantes son a Ximnasia de Mantemento e o programa de estimulación cognitiva descentralizados pola zona rural deste concello.

Os obxectivos que se pretenden acadar son:

- Fomentar o desenvolvemento de capacidades e habilidades persoais
- Evitar o deterioro intelectual mantendo as capacidades psíquicas
- Desenvolver a creatividade.
- Potenciar as relacións interpersonais.
- Evitar situacións de illamento
- Promover hábitos de vida saudables
- Potenciar a actividade física como medida terapéutica.

A ximnasia de mantemento, realízase no pavillón municipal e no ximnasio do centro educativo dous días á semana. Distribuíronse dous grupos en función das capacidades e limitacións físicas das persoas participantes, durante 10 meses ao ano.

O programa de estimulación cognitiva, obradoiro de memoria, realizase en 10 centros ubicados en distintas parroquias e lugares deste concello. A duración de impartición en cada centro é de unha hora e media a semana, excepto na vila de Cuntis que debido a elevada demanda, conformáronse dous grupos. Así mesmo, os meses de impartición ao ano son 10.



ORZAMENTO DESGLOSADO ACTIVIDADES CUNTIS

1. ACTUACIÓN S EDUCATIVAS E CULTUR AIS	
Nadal e Cabalgata de Reis	7.500,00 €
Activerán	10.000,00 €
Festas Patronais	40.000,00 €
Escola Municipal de Música	20.000,00 €
2. PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS E CULTUR AIS	
2.1. Promoción do noso patrimonio a través da Fundación Terra Termarum Catrolandín	20.000,00 €
2.2. Promoción da actividade cultural a través do asociacionismo:	
- Agrupación Municipal de Música e Baile Tradicional de Cuntis	5.000,00 €
- A Revolta do Umia"	8.500,00 €
2.3. Promoción do deporte como fomento dos valores educativos	
Promoción do atletismo	9.000,00 €
Promoción dos deportes de montaña	12.000,00 €
Promoción do fútbol	12.000,00 €
3. SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS:	
3.1. Programa de axuda no fogar básica	5.506,99 €
3.2. Programa de formación de adultos	35.000,00 €
3.3. Servizo de atención á muller	2.000,00 €
3.4. Teleasistencia domiciliaria	900,00 €
3.5. Envellecemento activo	4.000,00 €
TOTAL	191.406,99 €